

## EXERCICIOS DE APOIO DA UNIDADE 10

### 1. Completa as seguintes frases coa palabra precisa:

1. A Primeira Guerra Mundial deulle ás mulleres a segunda oportunidade para realizar traballos \_\_\_\_\_
2. Nas fábricas de \_\_\_\_\_ a man de obra feminina foi o último recurso, despois de probar con civís \_\_\_\_\_
3. As mulleres na Primeira Guerra Mundial foron man de obra de \_\_\_\_\_
4. Cando remata a guerra se envía ás obreiras a \_\_\_\_\_ para deixar o posto de traballo aos \_\_\_\_\_
5. Nos anos vinte toda Europa imita o \_\_\_\_\_ baseado no \_\_\_\_\_
6. Os elementos de uso doméstico frecuente eran nos anos vinte a \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ e as \_\_\_\_\_
7. As principais abanderadas do sufraxismo foron as \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_
8. María de Echarri promoveu en España a lei \_\_\_\_\_ no ano \_\_\_\_\_ como unha reforma laboral.
9. A muller que protagonizou a primeira manifestación a prol do sufraxismo feminino en España foi a xornalista \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_, no ano \_\_\_\_\_
10. Quen defendeu no Congreso o sufraxio feminino foi \_\_\_\_\_ deputada por \_\_\_\_\_

### 2. Identifica estes nomes de mulleres importantes e aporta algún dato biográfico sobre elas, sacados da unidade 10.

- Emmeline Pankhurst
- Emily Davison
- Teresa Claramunt
- Clara Campoamor.

### 3. No seguinte texto, enche os ocos coa palabra axeitada:

"Agora que, como resultado da loita pola \_\_\_\_\_ e debido ao uso de \_\_\_\_\_ operouse unha gran \_\_\_\_\_ no mundo da economía, de maneira que onde poida acudir un \_\_\_\_\_ a gañarse un dólar honradamente tamén pode ir unha \_\_\_\_\_, non hai forma de rebater a conclusión de que esta ten que estar investida de igual \_\_\_\_\_ para poderse protexer. E ese poder é \_\_\_\_\_, o símbolo da \_\_\_\_\_ e da \_\_\_\_\_, sen o cal ningún \_\_\_\_\_ pode estar seguro de conservar o que \_\_\_\_\_ e, polo tanto, moito menos de adquirir o que non ten".

Susan B. Anthony

## RESPOSTAS

### 1. Completa as seguintes frases coa palabra precisa:

1. A Primeira Guerra Mundial deulle ás mulleres a segunda oportunidade para realizar traballos ASALARIADOS
2. Nas fábricas de MATERIAL BÉLICO a man de obra feminina foi o último recurso, despois de probar con civís MOBILIZADOS
3. As mulleres na Primeira Guerra Mundial foron man de obra de SUBSTITUCIÓN
4. Cando remata a guerra se envía ás obreiras a CASA para deixar o posto de traballo aos EX-COMBATENTES
5. Nos anos vinte toda Europa imita o ESTILO DE VIDA AMERICANO baseado no ÉXITO INDIVIDUAL
6. Os elementos de uso doméstico frecuente eran nos anos vinte a COCIÑA DE GAS, a ILUMINACIÓN e o FERRO ELÉCTRICO
7. As principais abanderadas do sufraxismo foron as BRITÁNICAS e as ESTADOUNIDENSES
8. María de Echarri promoveu en España a lei DA CADEIRA no ano 1912 como unha reforma laboral.
9. A muller que protagonizou a primeira manifestación a prol do sufraxismo feminino en España foi a xornalista CARMEN DE BURGOS en MADRID, no ano 1921
10. Quen defendeu no Congreso o sufraxio feminino foi CLARA CAMPOAMOR deputada polo PARTIDO RADICAL

### 2. Identifica estes nomes de mulleres importantes e aporta algún dato biográfico sobre elas, sacados da unidade 10.

- **Emmeline Pankhurst** (1858-1928) foi a líder e fundadora da WSPU (Unión Social e Política de Mulleres), que inspirou diversos tipos de protestas, manifestacións, folgas de fame etc. baseándose na idea de que había que atacar as propiedades dos burgueses británicos, para que as respectaran a loita feminista. Outras accións son a queima de establecementos públicos, ou a rotura de escaparates. Esta muller foi detida con frecuencia por violar a lei, e no cárcere retomaba folgas de fame.
- **Emily Davison** (1872-1913). Foi unha mestra de escola e coñecida activista polos dereitos das mulleres. Morreu en 1913 cando nunha das súas accións de protesta arroxouse aos pes dun cabalo da cuadra real durante unha carreira celebrada en Derby

- **Teresa Claramunt** (1862-1931) foi unha obreira téxtil que militaba no anarquismo español, reivindicou o papel da muller como nai que transmite valores ideolóxicos aos fillos e fillas. Propugnaba que eses valores fosen igualitarios e anarquistas porque así se poñerían as bases dunha nova sociedade.
- **Clara Campoamor**, (1888-1972) foi a congresista de defendeu o voto das mulleres nas Cortes españolas do ano 1931. Era deputada polo Partido Radical e foi a única que defendeu este dereito das mulleres, xa que as outras dúas mulleres que estaban presentes nas Cortes, Victoria Kent e Margarita Nelken non a apoiaron. Argumentaba que os dereitos do individuo esixían un tratamento igualitario para homes e mulleres e a Constitución republicana debía eliminar calquera discriminación. Conseguiu o sufraxio feminino 161 votos a favor e 121 en contra.

### 3. No seguinte texto, enche os ocos coa palabra axeitada:

*“Agora que, como resultado da loita pola **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES** e debido ao uso de **MAQUINARIA**, operouse unha gran **REVOLUCIÓN** no mundo da economía, de maneira que onde poida acudir un **HOME** a gañarse un dólar honradamente tamén pode ir unha **MULLER**, non hai forma de rebater a conclusión de que esta ten que estar investida de igual **PODER** para poderse protexer. E ese poder é **O VOTO**, o símbolo da **LIBERDADE** e da **IGUALDADE**, sen o cal ningún **CIDADÁN** pode estar seguro de conservar o que **POSÚE** e, polo tanto, moito menos de adquirir o que non ten”.*

Susan B. Anthony